

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 22 de xaneiro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, sendo as catorce horas do día vinte e dous de xaneiro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE, de acordo coa orde do día remitida a todos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(27).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a urxencia da sesión.

2(28).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS. ANO 2012. EXPTE. 23827/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 16-01-2013, da técnica de avaliación e formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 18-01-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Proceder ao outorgamento dun complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Parque Móbil, Policía Local, Cemiterios, Limpeza, Alcaldía, Desinfección, polo importe contido no cadro achegado

no expediente, e polas cantidades que se relacionan para cada un deles, correspondentes ao 2012, a petición dos respectivos xefes dos servizos, e polas cantidades consignadas no mesmo.

Relacion de funcionarios proposta :

SERVIZO	Comenza por	Remata por	Importe Total
Parque móbil	Martinez Bastos,.Emilio	Riveiro Rodríguez, Jose	982,26
Policía Local	Abreu Torres; Joaquin	Villaverde Veleiro; Joe B	91579,46
Cemiterios	Alfonso Paz, Jesus	Vilanova Acuña; Delmiro	7852,50
Limpeza	Garrido Marcos, Jesus Manuel	Lopez Rivera, Jaime	1.086,85
Alcaldía	Costas Fernandez, Basilio	Fontan Balbuena, Camilo	1370,52
Desinfección	Pardellas Avion; A.Avelino	Seijas Alvarez, Jose Ramon	2.813,64
		Total	139185.16

Segundo.- Aprobar o gasto por importe total de 139.185,16€ en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade” do vixente orzamento.

Déase traslado do presente acordo aos interesados/as, Xefatura do Servizo, Sres. concelleiros/as delegados/as das Áreas correspondentes, Intervención Xeral Municipal e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse así mesmo no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.

3(29).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS. ANO 2012. EXPTE. 23819/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 14-01-2013, da técnica de avaliación e formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 18-01-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Proceder ao outorgamento dun complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do servizo de extinción de incendios e salvamento, polo importe contido no cadro achegado no expediente, e polas cantidades que se relacionan para cada un deles, correspondentes ao 2012, a petición do suboficial do SEIS, contida en informe de data 30 de novembro de 2012 e polas cantidades consignadas no mesmo.

Segundo.- Asignar o gasto por importe total de 91579,46€ en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade” do vixente orzamento.

Déase traslado do presente acordo aos interesados/as, Xefatura do Servizo, Sres. Concelleiros/as delegados/as das Áreas correspondentes, Intervención Xeral Municipal e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.